

MEMORIA XUSTIFICATIVA

ADDENDA NÚM. 4 E PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE NEGREIRA PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

1.- Competencia

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ao abeiro do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73 do 14 de abril) e en virtude do artigo 13.1 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería (DOG núm. 101 do 27 de maio), modificado polo Decreto 48/2025, do 16 de xuño (DOG núm. 122, do 27 de xuño), ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo que exerce a Dirección Xeral de Urbanismo, entre as que se atopan, a tramitación administrativa dos instrumentos de planeamento urbanístico e o apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico e a súa xestión e execución. Así mesmo, correspóndelle a asistencia e coordinación aos concellos en relación cos expedientes das subvencións que, en materia de planeamento, se tramiten na consellería.

2.- Antecedentes

O antecedente da addenda núm. 4 á que se refire a presente memoria e o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Negreira, asinado o 6 de xullo de 2021, así como a addenda núm. 1 asinada con data 8 de xuño de 2022, a addenda 2 asinada o 2 de xullo de 2024 e a addenda 3 asinada o 10 de abril de 2025, cuxo obxecto é a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

3.- Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Negreira o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 30 de decembro de 2028, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.



4.- Obxecto

O obxecto da Addenda ao convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o concello de Negreira, para a redacción do documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Negreira mediante escrito do 14 de outubro de 2025 solicitou a reunión da Comisión de seguimento do convenio para adaptar os compromisos adquiridos á realidade da programación de execución dos traballos de redacción.

A comisión, segundo consta na acta da súa reunión do 13 de marzo de 2026, á vista do exposto polo concello formula unha proposta de reaxuste das anualidades, co fin de adaptar o investimento á realidade da execución do obxecto contractual subvencionado.

Así mesmo, conforme ao establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, considerando a complexidade da elaboración e tramitación do instrumento de planeamento obxecto do convenio de colaboración e, tendo en conta a data de sinatura do mesmo, procede determinar o réxime de prórrogas aplicables ao acordo.

Para a tramitación desta addenda ao convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
María Encarnación Rivas Díaz, Directora xeral de Urbanismo

